

ACTA DE ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE

De forma telemática participan os socios da ALN na Asemblea Xeral en sesión ordinaria o luns día 13 de marzo de 2023, en única convocatoria ás 21:00h a través do correo administracion@ligalgt.com.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior, se procede.
2. Confección do pre-calendario da Liga Galega de Traiñeiras 2023.
3. Acordar a composición de quendas segundo os diferentes formatos de regata.
4. Outras propostas.
5. Rogos e preguntas.

Asistentes: CR Ares, CM Bueu-Simeí, SD Tirán-Pereira, CR Chapela-Wofco, CR Chapela-Wofco B, CR Chapela-Wofco F, CR Cabo de Cruz, CR Rianxo, CR Rianxo F, CR Mecos, CR Narón, CCD Cesantes-Rodavigo, CCD Cesantes-Rodavigo F, CM Castropol, CM Castropol F, SD Samertolameu-Fandicosta, CR Puebla, CR Puebla F, CR Salgado-Perillo, CR Salgado-Perillo F, Muros-Esteirana, CM Mugar dos-A Cabana Ferrol, CM Mugar dos-A Cabana Ferrol F, CRN Riveira.

Ausentes: Amegrove CR.

Delegacións: Non hai.

Procédese coa orde do día.

1ª Orde de do día: Aprobación da acta anterior, se procede.

Acta do 07-02-2023. Inscripción CM Castropol. Inventario ALN. Contas exercicio 2022. Orzamento exercicio 2023. Modificación Xunta Directiva ALN.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

2ª Orde de do día: Confección do pre- calendario da Liga Galega de Traiñeiras 2023.

Procédese indicando por orde preferencia as solicitudes dos clubs de acordo cos criterios establecidos por Normativa.

O pre- calendario da Liga Galega de Traiñeiras 2023 axúntase como Anexo I.

Como pendentes quedan:

- CM Castropol e CM Castropol Feminino, data para as regatas.
- Presentación Sanxenxo, confirmar data entre o 10 de xuño e 17 de xuño.
- Regata Teresa Herrera, confirmar datas do 18 e 19 de agosto e pechar o formato.
- Posibilidade de engadir unha regata de Liga B por parte do CR A Cabana-Ferrol.
- Explorar a posibilidade de que CR Puebla poida mudar a data das súas regatas por unha das televisadas (a excepción de CR Rianxo), para dar á Liga F unha regata televisada máis.

CM Castropol.

Indican que van ter que mirar ben onde encadrar súa regata pois o 25 de xuño teñen campionato de banco móbil e o resto de datas non coinciden boas mareas. O 15 de agosto está a regata Deputación de A Coruña. O 12 ou 13 de agosto podería ser ás 14:00h e terían que moverse a regata de A Cabana ou Tirán.

SD Samertolameu-Fandicosta.

Pregunta si non se pode facer a súa regata retransmitida un sábado, xa que por esas datas de xuño aínda non comezou a competición da ACT.

A dirección falará coa TVG para tratar de engadir esta regata como televisada, sería a 8+1 das regatas televisadas. As regatas da TVG deben ter unha continuidade no tempo e non interromperse, unha vez se comeza non pode quedar un fin de semana baleiro sen retransmisión.

CRN Riveira.

A data da regata presentación está para o 10 de xuño. Non pode ser nesa data xa que os remeiros e remeiras xuvenís están preparando a selectividade que é a seguinte semana.

Compróbase que a selectividade son os días 6, 7 e 8 de xuño polo que non habería problema en manter esa data de presentación.

SD Tirán-Pereira.

Pregunta si non se conseguiron máis regatas das que aparecen no calendario.

Contéstase que se buscaron por medio de patrocinadores privados, pero de momento non hai máis.

Pregunta tamén sobre a antigüidade, xa que indican que nos últimos cambios de Normativa tratouse este aspecto e non se cambiou nada.

Contéstase que si houbo un cambio neste apartado, anteriormente a antigüidade a posuía a Bandeira que se organizaba, non o club. En 2023 a antigüidade pasa a ser do club organizador.

Non se regulou nada ao respecto dun ascenso á ACT. A SD Tirán-Pereira presentará proposta para o cambio deste punto da Normativa na asemblea a tal efecto.

CR Chapela.

Realizarase no mesmo día unha regata coas tres categorías (A+F+B). Habrá que facer un esforzo organizativo. Non coincide coas festas.

Trasládeselle a importancia dos espazos dos aparcamentos.

CM Mugardos e AD Esteirana.

Preguntan sobre o formato da regata Teresa Herrera.

Contéstase que a intención é a de facer un sábado no que compitan as tres Ligas lanzando as quendas e a analizar o formato, xa que o mar de A Coruña pode ser perigoso e debe primar a seguridade. O domingo competirán a Liga A e Liga F en quendas en liña. A intención é primar a seguridade e que a competición non alcance as 3h30' xa que isto non sería atractivo para o Concello nin o público.

Os clubs non comparten que a Liga B non poida remar a regata do domingo e medirse así aos clubs de Liga A. Ata este ano o formato era de domingo realizar unha final coas mellores clasificadas onde as embarcacións de Liga B tiñan opcións de disputar a xornada do domingo coas mellores embarcacións.

Contéstase que o formato está por definir, pero que deberase primar unha regata a dobre xornada puntuable, segura e que non se dilate no tempo..

CR A Cabana-Ferrol.

Comparte a posibilidade de que o club organice tamén unha regata de Liga B que coincidiría en data coa súa regata de Liga F.

3ª Orde de do día: Acordar a composición de quendas segundo os diferentes formatos de regata.

A proposta é a seguinte:

LIGA A

Tres quendas de 4-4-4 en formato habitual.

LIGA B

Dúas quendas de 3-3 en formato habitual.

LIGA F

Dúas quendas de 3-4 en formato habitual.

LIGA A + LIGA F

Comeza a Liga F cunha única quenda lanzada de 3-4 a 3' para evitar dobraxes.

Remata a Liga A cunha quenda de 4-4 lanzadas e outra quenda de 4 en formato habitual.

LIGA B + LIGA F

Comeza a Liga F con dúas quendas de 3-4 en formato habitual.

Remata a Liga B con dúas quedas de 3-3 en formato habitual.

LIGA A + LIGA B + LIGA F

Comeza a Liga F cunha única quenda lanzada de 3-4 a 3' para evitar dobraxes.

Prosegue a Liga B cunha única quenda lanzada de 3-3.

Remata a Liga A cunha quenda de 4-4 lanzadas e outra quenda de 4 en formato habitual.

**Nas regatas de Liga F sortéanse as catro calles naquela quenda na que compiten só tres embarcacións*

4ª Orde de do día: Outras propostas.

Non se recibiron.

5ª Orde de do día: Rogos e preguntas.

CM Castropol.

Solicita que a regata Presentación sexa en formato contra-reloxo para favorecer a igualdade deportiva.

CR Chapela.

Indica que a Liga F tan só terá tres retransmisións (Rianxo, Teresa Herrera e Clausura). Todas elas en diferido. O non ter máis regatas retransmitidas e sen ser en directo as remeiras poderían protestas como xa fixeran a tempada pasada.

Contéstase que os clubs SD Tirán-Pereira e CR Cabo de Cruz non teñen embarcación feminina este ano na LGT que son dúas regatas con televisión nas que si saían a tempada pasada. O resto de regatas son clubs de Liga A sen embarcación feminina. CCD Cesantes non pode facer as regatas o mesmo día polo espazo para os aparcamentos.

Aínda así tentárase buscar unha solución mediante o CR Puebla para que ocupe o lugar dalgún club sen tripulación feminina.

Presidente.

Indica que farase unha reunión cos representantes dos deportistas para comentar os avances e actualidade da Liga.

Presidente.

Realiza unha proposta de cara as regatas de Liga B que teñan tan só categoría masculina. Propón que estas regatas poidan servir de promoción e que os campos de regata se utilicen para unha xornada na que poidan competir embarcacións mixtas e femininas, sen puntuar nin pertencer á LGT.

CRN Riveira.

Sobre a proposta do Presidente pregunta si para estas regatas se podería modificar a distancia a remar e outros.

Contéstase que si, que o fin é promocionar o deporte.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 22:20h.


A 13 de marzo de 2023.

O PRESIDENTE,



Javier Rodríguez Barros

A SECRETARIA,



Montserrat Canedo Souto

PRE-CALENDARIO LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS 2023

Liga A			Liga F			Liga B		
Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11	Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11	Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11
Sab 17	NARÓN 16:30h	Dom 18	Sab 17		Dom 18	Sab 17		Dom 18
Sab 24	SAMERTOLAMEU 18:00h	Dom 25	Sab 24		Dom 25	Sab 24		Dom 25
Sab 1		Dom 2	Sab 1		Dom 2	Sab 1		Dom 2
		MECOS 17:00h TV (directo)			PERILLO 11:30h			PERILLO 11:30h
Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9	Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9	Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9
		RIANXO 11.30h TV (diferido)			RIANXO 11.30h TV (diferido)			
Sab 15		Dom 16	Sab 15	CESANTES 17:30h	Dom 16	Sab 15	AMEGROVE 17:30h	Dom 16
		CESANTES 17:00h TV (directo)						
Sab 22	PUEBLA 18:30h	Dom 23	Sab 22	PUEBLA 18:30h	Dom 23	Sab 22	ESTEIRANA 18:00h	Dom 23
		BUEU 17:00h TV (directo)						
Sab 29		Dom 30	Sab 29	MUGARDOS 17:30h	Dom 30	Sab 29	MUGARDOS 17:30h	Dom 30
		CABO 12:00h TV (diferido)						
Sab 5	C. ESPAÑA	Dom 6	Sab 5	C. ESPAÑA	Dom 6	Sab 5	MUROS 18:00h	Dom 6
		C. ESPAÑA						
Sab 12		Dom 13	Sab 12	A CABANA 16:30h	Dom 13	Sab 12	¿A CABANA? 16:30h	Dom 13
		TIRÁN 12:00h TV (diferido)						RIVEIRA 11:30h
Sab 19	TH 17:00h	Dom 20	Sab 19	TH 17:00h	Dom 20	Sab 19	TH 17:00h	Dom 20
		TH 11:30h TV (diferido)			TH 11:30h TV (diferido)			
Sab 26	ARES 17:30h	Dom 27	Sab 26		Dom 27	Sab 26	PO - ARES 17:00h	Dom 27
		CLAUSURA - ARES 17:00h TV (directo)			CLAUSURA - ARES 17:00h			PO/CLAUSURA - ARES 17:00h TV (directo)

XUÑO

XULLO

AGOSTO

13 de marzo de 2023

CASTROPOL

En vermello as regatas por confirmar

SOLICITUDES REGATA 2023

Nº	CLUB	IMPORTE	TV	1ª OPCIÓN	2ª OPCIÓN	3ª OPCIÓN	FORMATO	ANTIGÜIDADE	PREFERENCIA
1	CR Rianxo	9.000,00 €	Si. Diferido	23/07/2023	09/07/2023	13/08/2023	4 largos	2011	5º
2	SD Samertolameu	9.000,00 €	—	24/06/2023	25/06/2023	22/07/2023	4 largos	2016	9º
3	CR Ares	20.000,00 €	Si. Directo	26-27 agosto 2023	13/08/2023	09/07/2023	4 largos	2023	1º
4	CM Castropol	9.000,00 €	—	19/08/2023	20/08/2023	05/08/2023	4 largos	2015	8º
5	CM Bueu	10.000,00 €	Si. Directo	23/07/2023	30/07/2023	13/08/2023	4 largos	2014	2º
6	SD Tirán	9.000,00 €	Si. Diferido	13/08/2023	27/07/2023	22/07/2023	4 largos	2022	12º
7	CR Mecos	9.000,00 €	Si. Directo	23/07/2023	06/08/2023	02/07/2023	4 largos	2011	6º
8	CR Puebla	9.000,00 €	—	19/08/2023	05/08/2023	22/07/2023	6 largos	2006	4º
9	CR Chapela	9.000,00 €	—	08/07/2023	16/07/2023	22/07/2023	4 largos	2011	7º
10	CCD Cesantes	10.000,00 €	Si. Directo	16/07/2023	25/06/2023	—	6 largos	2019	3º
11	CR Narón	9.000,00 €	—	17/06/2023	15/07/2023	13/08/2023	4 largos	2020	11º
12	CR Cabo da Cruz	9.000,00 €	Si. Diferido	23/07/2023	30/07/2023	—	4 largos	2018	10º
13	CR Rianxo	5.985,00 €	Si. Diferido	23/07/2023	09/07/2023	13/08/2023	4 largos	2020	4º
14	CM Castropol	5.985,00 €	—	18/08/2023	19/08/2023	05/08/2023	4 largos	2022	6º
15	CM Mugarodos	5.985,00 €	—	29/07/2023	12/08/2023	13/08/2023	6 largos	2023	7º
16	CR Puebla	5.985,00 €	—	19/08/2023	05/08/2023	22/07/2023	6 largos	2021	5º
17	CR Chapela	5.985,00 €	—	08/07/2023	16/07/2023	22/07/2023	4 largos	2019	3º
18	CCD Cesantes	5.985,00 €	—	15/07/2023	24/06/2023	—	6 largos	2023	8º
19	CR Perillo	5.985,00 €	—	02/07/2023	16/07/2023	—	4 largos	2017	2º
20	CR A Cabana-Ferrol	8.245,00 €	—	12/08/2023	29/07/2023	—	4 largos	2022	1º
21	AD Esteirana	4.000,00 €	—	22/07/2023	05/08/2023	01/07/2023	4 largos	2023	6º
22	CM Mugarodos	4.000,00 €	—	29/07/2023	12/08/2023	13/08/2023	6 largos	2022	4º
23	CR Chapela B	4.000,00 €	—	08/07/2023	16/07/2023	22/07/2023	4 largos	2023	5º
24	Amegrove CR	4.000,00 €	—	15/07/2023	01/07/2023	29/07/2023	6 largos	2021	3º
25	CR Perillo	4.000,00 €	—	02/07/2023	16/07/2023	—	4 largos	2005	1º
26	CRN Riveira	4.000,00 €	—	06/08/2023	13/08/2023	20/08/2023	4 largos	2023	7º
27	CR Muros	4.000,00 €	—	05/08/2023	22/07/2023	15/07/2023	6 largos	2017	2º